

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311L	<i>Expediente</i> CON/35/2019	<i>Fecha</i> 02-09-19 13:33

Número 5 .- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á incoación do expediente de contratación do "Servizo de desenvolvemento do proxecto pedagóxico de "teatro comunitario" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela".

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 02 de setembro de 2019 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 5 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE CENTROS SOCIOCULTURAIS RELATIVA Á INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO "SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO PEDAGÓXICO DE "TEATRO COMUNITARIO" NOS CENTROS SOCIOCULTURAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, de data 6 de agosto de 2019. Así mesmo, do informe con observacións da Viceinterventora, número 718/2019 de data 12.8.19.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"José Manuel Pichel Patiño, concelleiro delegado de centros socioculturais en funcións (decreto 31/7/2019), consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019

**EXPÓN:**

1. Con data 12 de xullo de 2019, cunha posterior redacción de 31 de xullo seguinte, a técnica de centros socioculturais emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311L	<i>Expediente</i> CON/35/2019	<i>Fecha</i> 02-09-19 13:33

idoneidade da contratación do servizo de desenvolvemento do proxecto pedagóxico "teatro comunitario" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.

2. Coa mesma data, esta concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria.

3. Tamén ese día 12 de xullo, a concellaría delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente, xa o 6 de agosto, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que *"o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da Lei 9/2017 polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación"*.

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a. 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Servizo de**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311L	<i>Expediente</i> CON/35/2019	<i>Fecha</i> 02-09-19 13:33

**desenvolvemento do proxecto pedagóxico "teatro comunitario" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de 26.550 euros IVE aparte.**

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 5.575,50 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 020 33403 22699, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2019: 8.494,20 euros.

Anualidade 2020: 23.631,30 euros."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Aprobar o expediente denominado "Servizo de desenvolvemento do proxecto pedagóxico "teatro comunitario" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela", así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de 26.550 euros, IVE aparte.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a 5.575,50 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 020 33403 22699, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2019: 8.494,20 euros.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311L	<i>Expediente</i> CON/35/2019	<i>Fecha</i> 02-09-19 13:33

Anualidade 2020: 23.631,30 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

  
Asdo: Gumerindo Guinarte Cabada

